

ACTA Nº 16/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino
D. Arturo González Pérez.
D^a Libertad Cruz Couso

Escusa a súa inasistencia D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 30 de marzo de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 15/09, do 23/03/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 289/08 – D. PABLO SANTOMÉ COSTA presenta proxecto básico e execución de vivenda unifamiliar no barrio de Berducedo, de conformidade co proxecto

presentado, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado na data 21.10.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da aliñación, fixación de cesións e fianza subscripta polo arquitecto técnico municipal con data de 13 de xaneiro do 2009 para solo urbano de Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais

O proxecto cumpre coas Normas do habitat Galego. O espazo para almacenamento xeral terá un fondo de 0,60 metros adosados o paramento, poderase computar igualmente os sobranse de almacenamento persoal.

O proxecto inicial vense modificado polos planos 1 e 2 visados polo COAG ó 27 de xaneiro do 2009.

Cédese 58,65M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 373,00 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela según medición técnica será de 560,50 M/2..

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.963,93 €
Taxas licenza urbanística.....	245,49 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Sumidoiros	180,00 €

2.B) EXPTE. 48/09 – D. CELSO CHAPELA CURRA presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar no barrio da Fraga, nº 28, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 10.03.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación en cuberta e vivenda definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na restauración parcial dunha obra fóra de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sen incremento do valor de expropiación nin máis consolidación que o reforzo parcial cando as obras non están afectadas por sistemas xerais, se posicione en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	190,40 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.C) EXPTE. 46/09 – D. FRANCISCO PRADO RODRÍGUEZ presenta proxecto de construción de piscina para situar dentro do circundado da súa propiedade sita no barrio de Berducedo nº 62-A, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado data 10.03.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PISCINA (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza de acordo coas determinacións do proxecto.

Non require informes sectoriais.

No expediente consta estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	152,43 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

EXPTE. 26/09 – D. PAULO RIVAS FERVENZA presenta proxecto de acondicionamento de local para Expendeduría de tabaco, na Xunqueira nº 47 – baixo, do barrio de Reibón-Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 20.02.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 16 de marzo de 2009 que literalmente di:

OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A EXPENDIDURÍA DE TABACO

INFORME:

Procede licenza urbanística de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL e licenza de actividade para EXPENDIDURIA DE TABACOS en peza simultánea consonte determina o Artigo 196.2 da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Uso compatible cos determinados pola ordenación urbanística zonal.

Require autorizacións sectoriais.

No expediente consta informe do Servicio Provincial de Costas do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino que manifesta a non inconveniencia para o acondicionamento do local debéndose respectar a franxa de 31,25 m/2 na cal queda totalmente prohibida calquera tipo de obras.

O peticionario quedará condicionado á resolución do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, e con carácter previo o inicio das obras queda prohibido o inicio da obra sen que este Servizo emita o seu replanteo correspondente.

O abeiro no disposto no Artigo 22.3 do decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e dado a que con arranxo ao proxecto de obra presentado para o acondicionamento do inmovible destinado as características determinadas refrendadas pola ordenación de usos, débese conceder o permiso de obras si o otorgamento da licencia de apertura non resultase improcedente.

Ordease o arquivo provisional do expediente no servizo correspondente de aperturas en tanto non se resolva a licenza de apertura para o funcionamento da presente actividade.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/ construcións.....	59,31 €
Taxa licenza urbanística	65,00 €
Cartel de obra	10,00 €

Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tralo pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D. PAULO RIVAS FERVENZA para a actividade de EXPENDEURIA DE TABACO.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A EXPENDIDURÍA DE TABACO”. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, se aproba a liquidación provisional do Impuesto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMIENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos de esta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a conformidade das mesmas cos termos de esta Licenza, sen prexuízo de que todolo anterior sexa corroborado polo Arquitecto Técnico Municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.- LICENZAS DE APERTURA

EXPTE. 50/08 – SISTEMAS INFORMATICOS RIAS BAIXAS, S.L. solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 18 de decembro de 2008, licenza de apertura para establecer un local para o Comercio polo miúdo e reparación de ordenadores de acordo co proxecto que acompaña, na Avda. As Barxas, 11 baixo, local b – porta dereita-. Por escrito do 18 de marzo de 2009 acompaña o certificado final de obra.

Visto o informe do aparelador municipal do 23 de marzo de 2009, que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A COMERCIO O POR MENOR E REPARACIÓN DE ORDENADORES.

INFORME: **Procede licenza de apertura** con destino establecemento para COMERCIO O POR MENOR E REPARACIÓN DE ORDENADORES a favor de SISTEMAS INFORMÁTICOS RIAS BAIXAS S.L.. Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 292/08.

A ordenación de usos para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras se outorga definitivamente mediante unha única resolución dimultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reunen as condicións do proxecto.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **SISTEMAS INFORMATICOS RÍAS BAIXAS S.L.** licenza para a implantación da actividade de COMERCIO POLO MIÚDO E REPARACIÓN DE ORDENADORES no local situado na Avda. As Barxas, nº 11 – baixo (local B), ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA

EXPEDIENTE 12/09 – D.^a MARÍA DE LA CRUZ SOLLA COSTA, CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE APERTURA.

Vista a instancia presentada o día 11 de marzo de 2009 por Dona MARÍA DE LA CRUZ SOLLA COSTA, na que expón que é a nova titular do establecemento situado en Quintela, 225 baixo-Moaña, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 23 de marzo de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 23.03.09, en relación coa solicitude presentada por Dna. María de la Cruz Solla Costa, na data do 11.03.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Quintela nº 225, baixo, pertencente a D. Jose Solla Barcia, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Quintela nº 225, baixo, pertencente a D. Jose Solla Barcia, pola **Xunta de Goberno Local de data do 29.10.1991**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Quintela nº 225, Tirán, pertencente a **D. JOSE SOLLA BARCIA**, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 29.10.1991**, a favor de **DONA MARÍA DE LA CRUZ SOLLA COSTA**.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE CONSTRUCCIONES LUIAN, S.L.

Vista a solicitude de D. CRISTÓBAL BRAÑAS PENA na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 26 de febreiro de 2009, correspondente ao expediente nº 178/2008,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 24 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 178/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle outorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 178/2008.**

6.B) [Auséntase o concelleiro D. Valentín Piñeiro] Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – SERVIZO DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, no que solicita documentación para seguir coa tramitación do expediente solicitado por ESTACIÓN DE SERVICIO SNACHILÁN, S.. – R/001/20009P,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 26 de marzo de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE APERTURA. 31/08

PETICIONARIO: ESTACIÓN DE SERVICIOS SANCHILAN S.L.

SOLICITANTE: SERVICIO PROVINCIAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL.

INFORME:

Atendendo a resolución emitida para o Expediente R/001/2009 P con rexistro de saída 7242 de 27 de xaneiro do 2009 promovido por Estación de Servicios Sanchilán S.L. relativo o PROXECTO DE REFORMA DE INSTALACIÓNS E MEDIDAS MEDIOAMBIENTAIS EN ESTACIÓN DE SERVICIO PARA A SÚA ADECUACIÓN A DIRECTIVA EUROPEA 94/63/CEE, aportase a documentación solicitada.

Ante a afirmación que resulta incluída na resolución “ó tratarse dunha ampliación...” este técnico municipal informante do presente expediente, somete a consideración dese Servizo Provincial de Calidade e Avaliación Medioambiental que considere, dadas as características do proxecto, a matización de que en ningún caso a proposta efectuada polo peticionario non xenera aumento de volumen edificado, consideración que ten incidencia na valoración urbanística da mellora solicitada por canto resulta determinante na conclusión final para o outorgamento da licenza de actividade e urbanística de obras; pronunciamento que de ser contrario se solicita que sexa expreso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible – Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.**

[Reincorpórase o concelleiro D. Valentín Piñeiro].

7.- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS AO CONCELLO PARA AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS.

D. FERNANDO SANTIAGO DEL RÍO, con domicilio na rúa Baixada do Cocho nº 209, do barrio da Guía - Meira, cede gratuíta e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 4,83 m², para a ampliación e construción de beirarrúas, no ensanche do vial de Baixada do Cocho, do barrio da Guía-Meira, e pide que o Concello se comprometa a repoñerlle as escaleiras de acceso a vivenda, e a colocación do portal das mesmas, na liña de edificación polo fronte da fachada do mentado vial.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 4,83 m2 da parcela propiedade de D. Fernando Santiago del Rio, sita na Baixada do Cocho nº 209, e comprométese a repoñerlle as escalerías de acceso á vivenda e a colocación do seu portal, na liña de edificación polo fronte da fachada do mentado vial; acorda tamén que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

8.- PROPOSTA DE GASTOS

8.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	SUBSTITUCIÓN TUBARÍA XERAL NO COLEXIO DE DOMAIO	RELE CALEFACCIÓN, S.L.	4220-21200 RC 553	1.009,20€
SERVIZOS	SUBMINISTRO E COCACIÓN DE ESPELLOS COLEXIO DE REIBÓN	ALMACEN CRISTALERÍA MOAÑA, S.L.	4220-21200 RC 552	638,00 €
LUDOTECA	MATERIAL OFICINA	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130-22000 RC 554	58,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

8.B) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	Arranxo portal exterior clube xubilados do Carme	BREOGAN, S.L.	3130 -21200 RC 555	1305,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou nesa partida,

Visto o informe do interventor municipal no que indica que o Concello-Pleno en sesión realizada o día 26 de xuño de 1009 acordou a cesión da planta baixa da cámara agraria ao Clube de Xubilados e Pensionistas Nosa Sra. do Carme de Moaña, e informa desfavorablemente sobre a contratación e imputación ao orzamento deste Concello de gastos de reparación de bens cedidos a asociacións privadas, gastos que deberán ser asumidos por quen usa e ocasiona os menoscabos nos citados bens,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo do interventor por entender que a titularidade do local é municipal.

Segundo: aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

9.- GASTOS POR DESPRAZAMENTO DO CONCELLEIRO DE TURISMO

Vistas as liquidacións presentadas das viaxes realizadas por D. Víctor Pastoriza Lino por asuntos municipais os días 20 de febreiro, 12 de marzo e 18 de marzo de 2009, que suman un importe de 50,95 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a obriga dos gastos por desprazamentos en vehículo propio de D. VÍCTOR PASTORIZA LINO, pola cantidade de 50,95 euros con cargo á partida 2009-1110-23100, RC 551.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

10.- FACTURA UNIÓN FENOSA

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 24 de marzo de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de enerxía eléctrica do mes de febreiro de 2009 reflectido nas facturas de Unión Fenosa, por un importe de 12.207,74 euros, e recoñece a obriga con cargo as partidas orzamentarias sinaladas no RC 2009-493-0.

11.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR DISTINTAS FACTURAS.

Vista a proposta do Delegado da Comisión de Facenda do 24 de marzo de 2009 sobre aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos, que conta co informe favorable do interventor do 23 do mesmo mes, por importe acumulado de 5.680,59 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

ÚNICO: Aprobar mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos e así recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas nº 161 por importe total de 5.680,59 euros, que comeza por HAGS-SWELEK, S.A. cun importe de 4.679,44 euros e remata con BENXAMIN RIOBÓ SANLUIS (Librería O Pontillón) por un importe de 466,97 euros.

Factura	Nombre Interesado	Partida	Importe
2008545	HAGS-SWELEK S.A.	5110 61112	4.679,44
01/05/09	ASOCIACION PAVIS PAVOS	4511 22608	96,00
1493583	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	438,18
1/668	RIOBO SANLUIS, Benxamin	3130 22110	466,97
		Total	5.680,59

12.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda presenta a relación de facturas nº 162, presentada pola Intervención municipal de data 24 de marzo de 2009, por importe de 45.653,32 euros, cuxa relación empeza por ROMERO SOLIÑO, S.L. polo importe de 625,77 euros e remata coa factura SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS polo importe de 582,67 euros, informada favorablemente pola Comisión informativa de Facenda do 24 de marzo de 2009.

Factura	Nombre Interesado	Partida	Importe
2008/A/74	ROMERO SOLIÑO S.L.	3130 21200	625,77
5	BOCA A BOCA DISEÑO COMUNICACION, S.L.	3130 21200	162,40
20	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	4510 22608	156,60
6	RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis	3130 22614	151,96
869220	SISTEMAS OFICINAS RIAS BAIXAS S.L.U.	3130 22003	38,07
53	ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE	3130 22703	4.433,18
900005	URBASER S.A.	4421 22700	1.638,14
87/01	WURTH, S.L.	1210 22706	197,18
225	FARO DE VIGO S.A.U.	7510 22602	1.151,01
19	JUNCAL BARROS, Israel	4520 22601	220,40
052/2009	MONTAXES ANTEPAZO S.L.	4513 21200	1.136,80
35/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 22002	150,00
36/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 22002	45,00
34/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 21600	351,87
01/01/26	RIOBO SANLUIS, Benxamin	3130 22611	61,45
071/09	PIROTECNIA LA GALLEGA S.L.	4510 22608	3.500,00
2008/A/88	ROMERO SOLIÑO S.L.	5110 22109	174,35

021/2009	P/K - GABRIEL PENA PORTELA	1110 22601	78,88
003/09	A.S.C. ENREDOS	4510 22608	1.420,00
01/01/09	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	4510 22612	1.110,42
13/09/09	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	1210 22603	243,10
66391	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A.	1210 22101	65,48
1500	SOCOMOR S.A.	5110 22109	371,37
6080016	PABLO CORDEIRO BUDIÑO, e outra.	3130 22110	326,95
290123	TELGA COMUNICACIONES S.L.	2220 20900	89,27
2386	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	4520 22103	300,00
1902614	NEA F3 IBERICA, S.L.	1210 22003	197,57
4049/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	1210 22000	34,25
4046	KOPIAK MOAÑA S.L.	3130 22000	7,49
4047/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	4320 22000	249,80
4048	KOPIAK MOAÑA S.L.	3130 22000	7,90
2511	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	5110 22103	1.225,47
2513	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2221 22103	113,84
2512	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1210 22103	55,99
2514	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2220 22103	309,48
274/09	SANCHILAN,S.L.	2221 22109	5,00
4050/08	KOPIAK MOAÑA S.L.	1210 22000	78,47
10901321	PAZ DISMAC, S.L	1210 22000	114,64
10901322	PAZ DISMAC, S.L	1210 22000	54,59
10901323	PAZ DISMAC, S.L	1210 22000	185,87
226609	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	595,94
870631	SISTEMAS OFICINAS RIAS BAIXAS S.L.U.	3130 22003	27,48
009/09	ARTEPLAN GALICIA, S.L.	4320 62700	20.000,00
2951	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	4220 22103	600,00
290232	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.	5110 21000	3.037,22
288784	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	. 1210 22299	582,67
		TOTAL	45.683,32

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga das facturas relacionadas na **relación número 162** con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela.

13.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2008: *RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS.*

Dáse conta da resolución 154/09 do 27 de marzo de 2009 sobre xustificación-liquidación das obras realizadas ao abeiro dos programas de cooperación local *Recuperación do patrimonio etnográfico e Mantemento de zonas verdes e espazos públicos.*

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. 154/09.

Rematadas o pasado 28 de febreiro de 2009 as obras ou servizos “**Recuperación do Patrimonio Etnográfico**” e “**Mantemento de zonas verdes e espazos públicos**” subvencionadas dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola técnica local de emprego e do contido na Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2008, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación das citadas obras ou servizos para enviar xustificación final das mesmas á Consellería de Traballo.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación das obras ou servizos “**Recuperación do Patrimonio Etnográfico**” e “**Mantemento de zonas verdes e espazos públicos**” subvencionadas dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA PARA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS EN SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA
79.194,77	80.107,99	-913,22

CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (Plus Extrasalarial + I. Por cese)
8.040,76

TOTAL CUSTOS PROXECTO
88.148,75

MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA PARA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS EN SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA
78.839,04	68.839,02	10.000,02

CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (Plus Extrasalarial + I. Por cese)
6.293,74

TOTAL CUSTOS PROXECTO
75.132,76

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 27 de marzo de 2009.

3º) Acordar que se devolva á Consellería de Traballo a cantidade de **10.000,02 euros**, correspondentes a subvención percibida e non gastada para a obra ou servizo “Mantemento de zonas verdes e espazos públicos”, no momento en que a citada cantidade sexa requirida pola Consellería de Traballo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

14.- “ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE A CERRADIÑA E A DEVESA (DOMAIO-MOAÑA)”

En data 16 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña)” á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U., polo prezo de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE) e un prazo garantía de 18 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de dez días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.310,35 euros. E no prazo de 10 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 20 de marzo de 2009.

En data de 26 de marzo de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 4.310,35 euros, e presentou documentación relativo ao IAE e copia dos contratos dos traballadores adscritos á obra.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña)” á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U., por importe de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE) e un prazo garantía de 18 meses.

SEGUNDO.- Requiritir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.”

15.- “ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O POMBAL E COUSO (MEIRA-MOAÑA)”

En data 16 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Instalación de alumeado público entre O Pombal e Couso (Meira-Moaña)” á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U., polo prezo de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE) e un prazo garantía de 18 meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de dez días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.310,35

euros. E no prazo de 10 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 20 de marzo de 2009.

En data de 26 de marzo de 2009, o adxudicatario provisoria presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 4.310,35 euros, e presentou documentación relativo ao IAE e copia dos contratos dos traballadores adscritos á obra.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Instalación de alumeados públicos entre O Pombal e Couso (Meira-Moaña)” á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U., por importe de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE) e un prazo garantía de 18 meses.

SEGUNDO.- Requirir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.”

16.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “OBRA CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS AS BARXAS-BERDUCEDO”.

En data 16 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Construcción de beirarrúas As Barxas-Berduedo” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., polo prezo de DOUSCENTOS TRINTA E UN MIL SEISCENTOS CINCOENTA E NOVE EUROS E SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (231.659,64 euros). (199.706,59 euros + 31.953,05 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por valor de 1.000 euros, e unha garantía adicional de seis meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de dez días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 3.744,34 euros. E no prazo de 10 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 18 de marzo de 2009.

En data de 24 de marzo de 2009, o adxudicatario provisoria presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 9.985,33, como acredita mediante carta de pago nº 129 de 25 de marzo de 2009.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adjudicar definitivamente o contrato de obra “Construcción de beirarrúas As Barxas-Berducedo” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ S.L., polo prezo de DOUSCENTOS TRINTA E UN MIL SEISCENTOS CINCOENTA E NOVE EUROS E SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (231.659,64 euros). (199.706,59 euros + 31.953,05 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por valor de 1.000 euros, e unha garantía adicional de seis meses.

SEGUNDO.- Requirir do adjudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adjudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes
CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.”

17.- “ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”

En data 16 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno acordou adjudicar provisoriamente o contrato de obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ S.L., polo prezo de OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (86.868,78 euros). (74.886,88 euros + 11.981,90 euros de IVE), e unha garantía adicional de seis meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de dez días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 3.744,34 euros. E no prazo de 10 días seguintes á notificación da adjudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adjudicación provisoria foi notificado ao adjudicatario en data 18 de marzo de 2009.

En data de 25 de marzo de 2009, o adjudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 3.744,34 euros, como acredita mediante carta de pago nº 130 de 25 de marzo de 2009.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adjudicar definitivamente o contrato de obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ S.L., polo prezo de OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E

OITO CÉNTIMOS (86.868,78 euros). (74.886,88 euros + 11.981,90 euros de IVE), e unha garantía adicional de seis meses.

SEGUNDO.- Requerir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.”

18.- “ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CASAL (MOAÑA)”.

Iniciase o asunto dando lectura á proposición formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 23 de marzo ás 12:10 horas, recollida na acta da mesa que literalmente di:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 27 de marzo de dous mil nove.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:10 horas constitúese a Mesa de Contratación da obra “Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)”, integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, D. Valentín Piñeiro González, Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. Víctor Manuel Pastoriza Lino, representante do PSOE, D. José Luis Domínguez González, Arquitecto redactor do proxecto, D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Aparellador municipal, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor do Concello e D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Foi trasladada a Mesa a día de hoxe para a valoración do informe dos Servizos Técnicos sobre as ofertas presentadas. Á vista do informe do técnico municipal que se recolle a continuación:

“INSTALACIÓN DE CESPED E ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO CASAL

EMPRESA	MELLORAS		TRABALLADORES NOVA	DURACIÓN NOVOS	TRABALLADORES	REDUCC.	GARANTÍA	TOTAL	
	CALIDADE HERBA	REGO	CALIDADE EQUIPAM.	CONTRATACIÓN	CONTRATOS	ADSCRITOS	PAZO		
ELITE SPORT	0.31	0.05	0.26	1	0.5	1	1	0.8	4.92
COMPOSAN	0.16	1	0.31	2	2	1	1	1	8.47
POLIGRAS IBERICA-COBRA	0.34	0.33	0.16	2	2	1	0.5	1	7.33
BARDERA	-	-	-	2	2	1	0.5	0.2	5.70
CALFENSA	0.57	0.17	0.32	2	1.5	1	0.66	0.3	6.52
XESTIÓN AMBIENTAL	1	0.17	1	1	0.5	1	0.5	0.4	5.57
MÁXIMO	1	1	1	2	2	1	1	1	10

A Mesa, por maioría dos seus membros, acorda propoñer á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adxudicación do presente contrato por entender que no seu conxunto é a proposición máis vantaxosa á empresa COMPOSAN CONSTRUCCION S.A., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

- Proposición nº 6.- COMPOSAN CONSTRUCCION S.A.

Prezo.- 375.872,72 euros. (324.028,21 euros + 51.844,51 euros de IVE.)

Melloras valoradas segundo a cláusula 13 dos pregos.- 66.200,00 euros.

Adscripción de traballadores á obra: 35 traballadores.

Contratación de novo persoal: Seis traballadores. Prazo de contratación de sete meses.

Prazo de execución.- Dous meses.

Prazo de garantía.- 120 meses.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 12,30 horas.”

A Xunta de Goberno, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)” á empresa COMPOSAN CONSTRUCCION S.A., polo prezo de TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (375.872,72 euros). (324.028,21 euros + 51.844,51 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 66.200,00 euros, sen IVE, adscripción de traballadores á obra: 35 traballadores, contratación de novo persoal: 6 traballadores, con contratos de sete meses de duración, e un prazo de garantía de 120 meses.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 375.872,72 euros con cargo á partida 4520.62201 do orzamento municipal do ano 2009.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos 5 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 16.201,41 euros e se lle cite para que nos 5 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante aporte a documentación requirida no apartado 19 dos pregos, en caso de que non as houbese presentado ca oferta. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.”

19.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

19.A) Visto o informe do 27 de marzo de 2009 da traballadora social do Concello sobre variacións no servizo de axuda no fogar, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a alta no SAF de D.^a Juana del Río Santomé a partir do día 15 de marzo, durante 2 meses, 7,5 h/semana, sen achega económica ningunha.

Segundo: Dar de baixa no SAF a

- D. Manuel Fervenza Rúa: dende o día 1 de abril.
- D. Manuel Solla Barcia: dende o 1 de marzo.

Terceiro: Notificarlle o acordo ao departamento de Recadación.

19.B) Visto o informe do 27 de marzo de 2009 da traballadora social do Concello sobre modificacións no servizo de axuda no fogar con cargo á Lei de Dependencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no Servizo Municipal de Axuda no Fogar a D. Eulogio Buceta Pequeño, 90 horas/mes, cunha achega do interesado de 114 €/mes.

Segundo: Notificarlle o acordo ao departamento de Recadación.

20.- FURANCHOS

A) D. JOSE LUIS COUSO GALLEGO solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia, en Broullón 36. Presenta declaración de produción campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

B) D.^a MODESTA ALONSO MARTÍNEZ solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia, en Seara 143. Presenta declaración de produción campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

21.- TRÁFICO:

21.A) D.^a Teresa Barciela González, por escrito con entrada no Concello o día 4 de febreiro de 2009, solicita a colocación de 2 bolardos na porta do seu negocio para que non lle aparquen os coches impedindo a entrada dos seus clientes.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do 25 de febreiro, no que indica que se trata dunha clínica de recuperación, onde ás veces teñen que acceder persoas impedidas e que se atopan con vehículos enriba da beirarrúa, con dificultade de acceso, e que procede a colocación dos bolardos na beirarrúa nunha distancia de 6 metros diante de dita clínica para poder facilitarlle a entrada a persoas impedidas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a colocación dos bolardos solicitados, segundo o informe do inspector-xefe.

21.B) O inspector xefe da Policía Local informa o día 12 de febreiro de 2009 que nas inmediacións do cemiterio municipal sería conveniente pintar un paso de peóns entre a beirarrúa do tanatorio e a do cemiterio, - achega un deseño-, para mellorar a seguridade dos peóns que transitan polo lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe, acorda que se pinte o paso de peóns no lugar indicado no informe.

21.C) D. Rosalino Pequeño Antela, como presidente da AVV Cruceiro do Río, mediante escrito de entrada no Concello o día 21 de febreiro de 2009, expón que foron moitas as veces que se indicou ao Concello a problemática que existe na carretera da Paradela no lugar da Marrúa, considerándoo un punto negro en relación ao tráfico de vehículos polos accidentes e falta de visibilidade neste punto. Solicita que mentres non se amplíe a carretera se coloque un espello para facilitar a visibilidade.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do 24 de febreiro de 2009, no que indica que procedería a colocación dun espello enfronte á saída da estrada que procede da Paradela (na PO-313), co fin de facilitar a visibilidade sobre o carril da PO 313, sentido de circulación Marín – O Con,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do espello solicitado.

21.D) D. Rosalino Pequeño Antela, como presidente da AVV Cruceiro do Río, mediante escrito de entrada no Concello o día 21 de febreiro de 2009, expón que na saída do adro que ten a capela dos Milagres, Verducedo-Piñeiro, non hai a penas visibilidade tendo que saír os vehículos case a metade da carretera para poder incorporarse á estrada xeral , e solicita que se coloque un espello para facilitar a visibilidade.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do 24 de febreiro de 2009, no que indica que procedería a colocación dun espello enfronte á intersección da saída do adro da capela dos Milagres coa estrada de Verducedo, co fin de facilitar a visibilidade desta saída segundo o caril de circulación As Barxas – Paradela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do espello solicitado.

21.E) D. Rosalino Pequeño Antela, como presidente da AVV Cruceiro do Río, mediante escrito de entrada no Concello o día 21 de febreiro de 2009, expón que no camiño de Arriba da Fraga que une co lugar do Meixueiro, no seu cruce carece de sinalización polo que naquel cruce moitas veces provócanse accidentes por non saber moi ben quen ten a preferencia e solicita que coloque un sinal de Stop nese punto.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do 24 de febreiro de 2009, no que indica que sería convinte a colocación dun sinal vertical de STOP na estrada do Meixueiro-intersección coa estrada da Fraga (E.P. 1102, p.k. 5.250),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do sinal do STOP, segundo o informe da Policía local.

22.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
CARLOS ALBERTO GALLEGO PAREDES	Saneamento, usos domésticos.	Couso, 30 A	Sumidoiros conexión.....180 €	Aqualia Aparellador municipal
ALFONSO JARES VEDO	Auga, usos doméstico	O Rosal, edif. Poza da Moura, portal 2 – 3º F	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
AURELIO FREIRE PIÑEIRO	Saneamento, usos domésticos.	A Guía – Meira, 197	Sumidoiros conexión.....180 €	Aqualia Aparellador municipal

23.- APROBACIÓN DEFINITIVA PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 1 DE A XUNQUEIRA A-2 QUE COMPLETA O PLAN DE SECTORIZACIÓN A XUNQUEIRA A-2

O día vintenove de outubro de dous mil sete a Xunta de Goberno deste Concello aproba inicialmente o Proxecto de Urbanización do Polígono 1 de A Xunqueira A-2 que completa o Plan de Sectorización A Xunqueira A-2.

O día 16 de novembro de 2007 publicase anuncios de aprobación inicial dos Proxectos no BOP e no Faro de Vigo, iniciándose o prazo de exposición pública do mesmo.

O día 3 de decembro, Dona Benedicta Alvarez Saa, presenta no Concello, alegacións á aprobación inicial do Proxecto de Urbanización do Polígono 1 A Xunqueira A-2 que completa o Plan de Sectorización A Xunqueira A-2.

En data de 17 de decembro de 2007, a Asistencia técnica municipal emite informe sobre os Proxectos de Urbanización presentados determinando as recitificacións que procede efectuar así como informe favorable sobre a alegación presentada por Dona Benedicta Alvarez Saa.

Á vista dos sinalados antecedentes, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acordou, aprobar os informes da Asistencia técnica municipal e remitilos aos redactores dos Proxectos de Urbanización do Polígono 1 e 2 de A Xunqueira A-2 para que procedesen ás rectificación no Proxecto que se poidan derivar destes informes antes da aprobación definitiva dos mesmos.

En data 6 de marzo de 2009 recíbese autorización do organismo Augas de Galicia sobre obras de urbanización e construción de edificios na zona da policía do río da Fraga.

En data 12 de marzo de 2009 a Asistencia técnica municipal emite informe sobre o exemplar definitivo dos Proxectos de Urbanización, cas rectificacións derivadas do estimación do recurso e das precisións dos informes técnicos.

En data 27 de marzo de 2009, se require, mediante providencia da Alcaldía que complete expediente antes da aprobación definitiva cos informes sobre empresas subministradoras.

En data 30 de marzo de 2009 se remite escrito da Xunta de Compensación xustificando a non presentación da documentación requirida.

En data 30 de marzo de 2009 a Secretaría municipal emite informe xurídico sobre o proxecto de urbanización.

Á vista do Proxecto de Urbanización presentado e do sinalado nos informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO- Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do Polígono 1 de A Xunqueira A-2 que completa o Plan de Sectorización A Xunqueira A-2, presentado pola Xunta de Compensación do Polígono 1, quedando esta aprobación condicionada ao cumprimento dos requirimentos que se fan constar a continuación:

- Entregar unha copia do proxecto refundido de todo o texto do Proxecto que simplifique toda a documentación aportada polos redactores durante a tramitación do Proxecto.
- Deberán realizar a Acta de Replanteo de Alineacións e rasantes, cos técnicos municipais.
- Depositarán na Tesorería Municipal y antes do comezo das obras a garantía correspondente ao 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes, así como, se é o caso, as obras de ampliación e reforzo necesarias. Estas garantías poderán constituírse mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, deberán prestarse no prazo máximo de tres meses desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización e hanse cancelar, por petición dos interesados, unha vez recibida a urbanización. Asemesmo deberán acreditar, a aceptación polos propietarios que representen máis do 50 % da superficie do ámbito de planeamento.
- Manterase en óptimas condicións de limpeza a obra e en especial as zonas colindantes a esta, intentando que a afección ás vías públicas sexa a menor posible.
- As parcelas municipais e equipamiento quedarán explanadas ao nivel do viario circundante.
- En ningún caso se poderán acometer obras en zona de dominio público marítimo terrestre antes da autorización da concesión por parte da Dirección General de Costas.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo, que pon fin á vía administrativa e contra o que pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao do seu notificación, ou ben, con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ha dictado a presente Resolución no prazo dun MES a contar desde o día seguinte ao do seu notificación e, contra a resolución expresa ou presunta deste, recurso contencioso-administrativo ante o citado Xulgado no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria do recurso ou no

prazo de SEIS MESES a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza a desestimación presunta do recurso.

24.- ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 2 DE A XUNQUEIRA A-2 QUE COMPLETA O PLAN DE SECTORIZACIÓN A XUNQUEIRA A-2

- O día vintenove de outubro de dous mil sete a Xunta de Goberno deste Concello aproba inicialmente o Proxecto de Urbanización do Polígono 2 de A Xunqueira A-2 que completa o Plan de Sectorización A Xunqueira A-2.
- O día 16 de novembro de 2007 publicase anuncios de aprobación inicial dos Proxectos no BOP e no Faro de Vigo, iniciándose o prazo de exposición pública do mesmo.
- No período de exposición pública non se presentan alegacións.
- En data 27 de marzo de 2009, se require, mediante providencia da Alcaldía que complete expediente antes sa aprobación definitiva cos informes sobre empresas subministradoras.

En data 30 de marzo de 2009 se remite escrito da Xunta de Compensación xustificando a non presentación da documentación requirida.

En data 30 de marzo de 2009 a Secretaría municipal emite informe xurídico sobre o proxecto de urbanización.

Á vista do Proxecto de Urbanización presentado e do sinalado nos informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO- Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do Polígono 2 de A Xunqueira A-2 que completa o Plan de Sectorización A Xunqueira A-2, presentado pola Xunta de Compensación do Polígono 2, quedando esta aprobación condicionada ao cumprimento dos requirimentos que se fan constar a continuación:

- Entregar unha copia do proxecto refundido de todo o texto do Proxecto que simplifique toda a documentación aportada polos redactores durante a tramitación do Proxecto.
- Deberán realizar a Acta de Replanteo de Alineacións e rasantes, cos técnicos municipais.
- Depositarán na Tesorería Municipal y antes do comezo das obras a garantía correspondente ao 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes, así como, se é o caso, as obras de ampliación e reforzo necesarias. Estas garantías poderán constituírse mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, deberán prestarse no prazo máximo de tres meses desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización e hanse cancelar, por petición dos interesados, unha vez recibida a urbanización. Asemesmo deberán acreditar, a aceptación polos propietarios que representen máis do 50 % da superficie do ámbito de planeamento.
- Manterase en óptimas condicións de limpeza a obra e en especial as zonas colindantes a esta, intentando que a afección ás vías públicas sexa a menor posible.
- As parcelas municipais e equipamiento quedarán explanadas ao nivel do viario circundante.

- En ningún caso se poderán acometer obras en zona de dominio público marítimo terrestre antes da autorización da concesión por parte da Dirección General de Costas.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo, que pon fin á vía administrativa e contra o que pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao do seu notificación, ou ben, con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ha dictado a presente Resolución no prazo dun MES a contar desde o día seguinte ao do seu notificación e, contra a resolución expresa ou presunta deste, recurso contencioso-administrativo ante o citado Xulgado no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria do recurso ou no prazo de SEIS MESES a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza a desestimación presunta do recurso.

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.